

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Urbanismo

Resolución de actualización de harmonización das normas sobre declaración de zonas saturadas

En Santiago de Compostela, o 29 de marzo de 2017, o concelleiro-delegado de medio ambiente e convivencia, D. Xan Xesús Duro Fernández, por delegación da Alcaldía (decreto do 12.12.2016, publicado no BOP da Coruña nº 238, do 19.12.2017) dita a seguinte resolución:

Limiar

O Decreto de zonas saturadas de marzo de 2011 foi obxecto de modificacións en xuño e outubro de 2013 sen que se harmonizara o texto orixinario co resultante das anteditas alteracións de xeito que a norma é ás veces de difícil comprensión e pódelles xerar confusións ás persoas destinatarias (por exemplo, a última modificación fala do “artigo 5º da ordenanza”, cando os decretos anteriores non conteñen artigos nin a norma é unha ordenanza). A propia dispersión da norma en varios textos publicados en diferentes épocas contribúe á pouca claridade da regulación.

Por outra banda, é necesario incorporar unha referencia ás comunicacións previas como novo título lexitimador da iniciación de actividades de conformidade coa Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia. Así mesmo, a recente aprobación da instrución sobre criterios aplicables en materia de cabida, ocupación e capacidade de evacuación de establecementos públicos tamén aconsella a refundición e actualización daquela disposición, e precisar a regulación dos efectos da declaración de zona saturada.

Non se modifican as zonas declaradas como saturadas polas resolucións obxecto de refundición e harmonización, polo que non é necesario incorporar ao expediente os informes técnicos aos que se refire o artigo 13.5.a) da Ordenanza reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais, aínda que esta resolución se expoñerá ao público polo prazo de vinte días e a resolución final se publicará no Boletín oficial da provincia da Coruña e na sede electrónica da Corporación.

Polo exposto, iníciase o expediente para aprobar o texto refundido do decreto de declaración de zonas saturadas, coa redacción que a seguir se propón:

Artigo 1º. Decláranse zonas saturadas os sectores da cidade comprendidos polas seguintes rúas: da Conga, do Bispo Xelmirez, de San Paio de Antealtares, de San Bieito, Vía Sacra, da Algalica de Abaixo, de Entremuros, da Troia, Travesa, Nova de Abaixo, de Santiago del Estero, de Alfredo Brañas, de Ramón Cabanillas, de Santiago de Chile, da República Arxentina, Praza da Algalia de Abaixo, Cantón de San Bieito, Travesa de San Paio de Antealtares, rúa de Fonte Sequelo, Praza de Feixoo e rúa de Abril Ares.

Artigo 2º. A declaración afectará a todas as actividades definidas no artigo 42 da Ordenanza municipal xeral reguladora da emisión de ruídos, vibracións e condicións dos locais, e tamén ás chamadas tendas de conveniencia ou tendas de vinte e catro horas.

Artigo 3º. A declaración de zona saturada producirá os seguintes efectos desde a data na que se publique a súa aprobación no Boletín oficial da provincia da Coruña con relación aos establecementos citados no artigo anterior:

a) Suspensión do outorgamento de novas licenzas de apertura e da tramitación e dos efectos de novas comunicacións previas.

b) Suspensión da autorización de modificacións de licenzas e de comunicacións previas preexistentes que signifiquen aumento de superficie do local.

Artigo 4º. A actividade en terraza na vía pública non se considera como nova nin como ampliación de local para os efectos previstos nesta norma. A actividade en terrazas autorizadas na vía pública dentro das zonas saturadas rexerese polo mesmo horario que o fixado na ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostalería, que se poderá modificar en rúas concretas por circunstancias xustificadas por decreto da Alcaldía que se publicará no Boletín oficial da provincia da Coruña.

Artigo 5º. A declaración de zonas saturadas será obxecto de revisión cada catro anos.

Disposición derogatoria

Esta resolución deroga as da Alcaldía do 14.03.2011 (publicada no BOP da Coruña do 21.03.2011, e a da Sra. concelleira delegada de desenvolvemento urbano do 4.10.2013 (publicada no BOP da Coruña do 15.10.2013) así como todas as demais disposicións sobre esta materia que se opoñan a ela.

Disposición final

Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín oficial da provincia da Coruña.

O concelleiro delegado de medio ambiente e convivencia,

Xan Xesús Duro Fernández

2017/2701